

## RESOLUCIÓN 26/18

Co fin de desenvolver o disposto no artigo 25 do Regulamento Electoral da FEGAN, polo que se establece que a composición da Comisión Delegada

A Xunta Electoral da FEGAN,

### RESOLVE

1. Publicar a división dos 9 membros, a maiores do presidente/a da FEGAN, que deberán ser escollidos para formar parte da Comisión Delegada da Asemblea Xeral da FEGAN, así como a quen lle corresponde a súa elección:


Nº membros	SUFRAXIO ACTIVO	SUFRAXIO PASIVO
3	Libre designación	Designados polo presidente da FEGAN
3	Entidades deportivas	Entidades deportivas
1	Adestradores/as	Adestradores/as
1	Deportistas	Deportistas
1	Árbitros/as	Árbitros/as

2. No caso de que nalgúns dos estamentos que están representados por persoas físicas non se presente ningún candidato/a e fiquen vacantes, este posto será cuberto polo seguinte estamento que proporcionalmente lle corresponda porque teña máis membros na Asemblea Xeral.
3. Para elo, de ser o caso, unha vez que finalice o prazo de presentación de candidaturas e fiquen algún posto vacante, emitirase unha Resolución habilitando un novo prazo e determinando a qué estamento lle corresponderá a súa elección.

A presente resolución publicarase para coñecemento público e contra a mesma poderase interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nun prazo de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 33 do Regulamento Electoral.


Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e prace do presidente, na Coruña, o 15 de novembro de 2018.

O secretario da XE,



Asdo.: Aitor Bouza Manso

Vto. e prace: o presidente,



Asdo.: Pedro L. Fernández Pombo